# Guía de axuda para a preinscrición en títulos propios

1. Accede á web do Centro de Posgrao e Formación Permanente (https://cpfp.uvigo.gal) e selecciona o curso no cal queres realizar a inscrición. Na pantalla do curso, pulsa o botón "Inscrición / Matrícula" para comezar o proceso.




2. Desde o "Portal Académico", se nunca estudaches na Universidade de Vigo, selecciona "*Acceso para estudantes sen conta na Universidade de Vigo*".



3. Introduce os datos requiridos e confírmaos. Lembra sempre o teu contrasinal de rexistro para acceder posteriormente á matrícula e a outros servizos.




Ao finalizar o rexistro, poderás acceder de novo á plataforma (Portal Académico) para completar a inscrición ou a matrícula seleccionando a opción "Acceso para estudantes sen conta na Universidade de Vigo".

4. Introduce o teu número de identificación (NIF/pasaporte) e o contrasinal de rexistro para acceder á túa "Secretaría Virtual" (saltar ao paso 6):



5. No caso de estar rexistrado/a na UVigo e posuír as túas credenciais *(@uvigo.gal*), preme en *"Acceso Centralizado"* para completar a identificación como usuario/a e na pantalla de identificación introduce o enderezo electrónico e o contrasinal facilitados polo servizo informático (acceso a través do NIU).




*Acceso con ederezo electrónico*




*Acceso a través do NIU*

6. Se o acceso tivo éxito, estarás na túa "Secretaría Virtual" desde onde accederás ao proceso de inscrición a través da opción "Acceso ao portal académico-alumnado".




7. Na seguinte pantalla preséntanse varias posibilidades. Facendo clic sobre "Formación Permanente" (bloque azul escuro), despregarase un menú para elixir *"Acceso alumno/a"* e *"Formación Permanente"*.



8. Aparecerá un menú lateral. Selecciona a opción ”Preinscrición” para comezar o proceso de preinscrición. Desde o menú lateral poden realizarse outras operacións: matricularte, consultar o expediente, verificar, comprobar e realizar pagamentos pendentes, etc.




9. Ao facer clic en *”Pulse aquí para seleccionar un estudo…”*, mostraranse todos os títulos propios que teñen aberta a súa preinscrición. Selecciona aquel que desexes e preme sobre o botón “***+ Alta de nova preinscrición***”.

   Tamén poderás usar o “**Filtro**” para buscar a titulación



10. Na seguinte pantalla solicítanse datos persoais adicionais que se deben completar para continuar coa preinscrición (os marcados con asterisco son obrigatorios). Preme “*Aceptar*” para continuar co proceso e “*Volver*” para retroceder á pantalla anterior.




11. Para completar a túa inscrición, se nunca cursaches estudos na UVigo, é necesario que anexes a copia do teu documento de identidade. Se queres inscribirte nun título de posgrao (mestrado, especialista, experto/a ou curso avanzado de posgrao) ademais é necesario que achegues a copia do teu título universitario ou o certificado de estudos.

    Se non dispós destes documentos no momento actual, podes anexalos máis adiante accedendo de novo á plataforma. Para anexar un documento pulsa no botón de “*Anexar*” e posteriormente en “Seleccionar arquivo”.

    *<u>Se es egresado/a da UVigo, non é necesario que achegues os certificados da túa formación na UVigo</u>*.

    Para continuar co proceso e pasar á seguinte pantalla deberás facer clic sobre «Aceptar».



12. Unha vez engadida a documentación pásase á pantalla de "Datos Académicos". Na maioría dos estudos non é necesario seleccionar materias e simplemente hai que premer o botón de "*Aceptar*".




13. Finalmente, preséntase unha pantalla de confirmación cos teus datos e co estudo seleccionado. Ao facer clic no botón "*Confirmar*" poderás visualizar/imprimir/descargar o teu resgardo de preinscrición que tamén recibirás por correo electrónico.









14. Se logo queres engadir documentos adicionais, debes acceder de novo á plataforma e seleccionar "Preinscrición".
Na pantalla de "Xestións de preinscrición" selecciona a pestana "*Procesos de admisión en curso*". Na parte inferior podes ver "Accións dispoñibles" e selecciona a icona do cartafol ("*Anexar documentación*") e xa podes subir os documentos necesarios para preinscribirte.




Nesta mesma pantalla podes comprobar en calquera momento o estado da túa preinscrición: pendente, admitido/a, denegada a admisión ...

Centro de Posgrao e Formación Permanente
Telf.:/ 986 130 304
cpfp.uvigo.gal
cpfp@uvigo.gal